

# PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN INDIVIDUALIZADO

---

**PRRI**

CEIP PLURILINGÜE ISISDRO PARGA PONDAL

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN    CURSO 2019-2020



# ÍNDICE

1. FUNDAMENTACIÓN
2. OBXECTIVOS
3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS
  - 3.1. CRITERIOS DE SELECCIÓN
  - 3.2. CRITERIOS DE ATENCIÓN
  - 3.3. CRONOGRAMA
4. AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE SIGA UN PRRI
5. ANEXOS:
  - I. CADERNO INDIVIDUAL DE REFORZO/RECUPERACIÓN

## 1. FUNDAMENTACIÓN

A finalidade do Programa de Reforzo e Recuperación Individual (PRRI en diante) é conseguir que o alumnado acade as competencias básicas, fundamentalmente as relacionadas cas linguas e as matemáticas.

O PRRI constitúe o conxunto de actuacións que serán levadas a cabo para atender ás necesidades educativas do alumnado que presenta desfase curricular, tal e como ven recollido na Orde do 6 de xuño do 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, no *Artigo 6 Promoción de curso e de etapa*:

*“3. Cando un alumno ou alumna non promocioe [...] esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.*

*5. O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.”*

Co PRRI axustarase a intervención educativa ao alumnado que presente dificultades nas áreas instrumentais básicas (linguas castelá, galega e estranxeira, e matemáticas) tratando de consolidar os contidos básicos que son imprescindibles para aprendizaxes posteriores.

Este programa será flexible, dinámico e aberto de forma que, en calquer momento, poda ser implementado dando de alta aos estudantes que o precisen mediante unha coordinación continua entre o equipo docente do alumno obxecto, a xefatura de estudos e a xefatura do departamento de orientación.

Os equipos docentes, en colaboración co profesorado encargado do apoio, serán os responsables de determinar as competencias, obxectivos e contidos que debe traballar o alumno ou alumna en cuestión.

## 2. OBXECTIVOS

### a. Relacionados co centro educativo:

- Incremento da porcentaxe de alumnado que promociona de etapa.
- Incremento da porcentaxe de alumnado que promociona de nivel.
- Incremento da porcentaxe de alumnado que recupera áreas instrumentais.
- Mellorar o clima do centro e diminuír o grado de conflictividade.

### b. Relacionados co alumnado

- Mellorar as capacidades e competencias básicas
- Mellorar os resultados académicos
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia, e de técnicas de estudo.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Aumentar as expectativas académicas
- Fomentar unha actitude positiva cara o traballo escolar
- Reforzar a súa autoestima persoal e social

### c. Relacionados ca familia

- Informar das dificultades de aprendizaxe dos fillos/as, das medidas adoptadas polo centro e dos progresos acadados.
- Orientarlas para a colaboración e implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Adquirir compromisos educativos efectivos.

### 3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

#### a. Temporais

A organización do horario e grupos de traballo será flexible e estará suxeta a cantas modificacións sexan necesarias en función do alumnado existente e/ou da aparición de outros que podan presentarse.

Hai que ter en conta os horarios das áreas instrumentais nos grupo-aula de referencia xa que deben coincidir na mesma franxa horaria.

Tamén se deben ter en consideración outros tempos como:

- Tempo adicado a titorías e familias deste alumnado específico.
- Tempo adicado á coordinación entre o profesorado que traballe con este alumnado.
- Tempo adicado á selección, planificación, deseño e elaboración de material específico.

#### b. Espaciais

O apoio ao alumnado que precise dun PRRI poderá levarse a cabo dentro da aula ordinaria ou en outros espazos do centro que cumpran as características que permitan o traballo (mesas/cadeiras axeitadas, iluminación, silencio, non interrupcións, etc...) como poden ser o espazo da biblioteca, aulas que estén baleiras nesa franxa horaria, aulas de titoría ou aulas de PT no caso de que sexa este profesorado o que teña que impartir o apoio.

#### c. Académicas

Hai varias posibilidades a ter en conta en función do número de alumnos/as e das necesidades que se presenten:

- Agrupamento flexible: Alumnado dun mesmo nivel educativo poden agruparse para recibir apoio nas áreas instrumentais
  - o Nun nivel inferior ata acadar o nivel (por exemplo, alumnado de 2º de primaria que se atope no inicio da lectura, poderá acudir á aula de 1º para traballar neste eido)

- Con profesorado con horario dispoñible para apoio (dentro dunha das aulas ordinarias preferentemente).
- Desdobre de grupo: Dúas mestras/es do mesmo nivel
  - Na mesma aula (onde un/ha pode facer as explicacións en gran grupo e outro/a dar atención máis individual en pequeno grupo).
  - En aulas distintas (por exemplo: 1ºA e 1ºB, poderán dividirse entre os que xa adquiriron o cálculo básico e os que non polo que na sesión de matemáticas poderán moverse e nun aula reforzar o aprendido e na outra comezar ca adquisición dos algoritmos básicos).
- Apoio ordinario: un/ha segundo/a mestre/a daría apoio na aula ordinaria (o ideal é que a persoa de apoio se dirixa ao gran grupo e o/a titor/a sexa o que se adique ao grupo que segue o PRRI xa que é a persoa de referencia)

### 3.1 Criterios de selección

- Alumnado que non promociona de nivel.
- Alumnado que promociona de nivel pero non superou algunha das áreas instrumentais o curso anterior.
- Alumnado ao que se lle detecte, en calquer momento do curso, dificultades nas áreas instrumentais.
- Alumnado con baixas expectativas académicas.
- Alumnado con escasa participación nas actividades escolares ordinarias.
- Alumnado con ausencia nos hábitos de traballo.

### 3.2 Criterios de atención

- Lugar: en aula ordinaria salvo casos excepcionales como alumnado extranxeiro sen idioma vehicular ou alumnado con dificultades de aprendizaxe que precise atención máis individualizada, previo informe da xefatura do DO
- Prioridade: o criterio establecido será de menor a maior nivel, é dicir, o 1º e 2º nivel deberán ter cubertas as necesidades relativas aos PRRI antes de seguir avanzando en niveis para cubrir o horario dos mestres/as con horario libre para apoio.

- Especialistas en Pedagogía Terapéutica: as especialistas en PT son mestras que atenden a medidas de carácter excepcional polo que adicaranse en primeiro lugar ao ACNEAE seguindo o orde de prioridade marcada no PXAD; en segundo lugar, con aquel alumnado de PRRI que manifeste dificultades específicas de aprendizaxe; en terceiro lugar, o alumnado con dificultades de aprendizaxe; e por último, completarán horario con apoio ordinario.
- Incorporación: ademáis do alumnado que en setembro xa esté incluído para seguir un PRRI, durante o curso escolar poderá incluírse aquel alumnado que non supere algunha materia instrumental nalgunha das avaliacións; do mesmo xeito, tamén poderá deixar de seguir o programa aquel alumnado que acade os coñecementos imprescindibles para seguir o ritmo do grupo ordinario.

### 3.3 Cronograma

- Setembro:
  - O profesorado titor revisará os informes do alumnado da súa titoría e fará as avaliacións iniciais.
  - O profesorado titor manterá unha reunión ca xefatura de DO para informarse sobre o ACNEAE do seu grupo (de habelo) e ca xefatura de estudos para organizar os apoios do alumnado que deba seguir un PRRI. O profesorado titor manterá unha reunión de coordinación co profesorado que levará o apoio do seu alumnado para elaborar a programación do PRRI.
  - O profesorado titor reunirse cas especialistas e xefatura do DO para informarse sobre o horario e sobre os obxectivos programados para o ACNEAE do seu grupo (de habelo).
  - O profesorado titor informará á xefatura do departamento de orientación das necesidades detectadas na avaliación inicial e estableceranse as medidas que se consideren necesarias.
  - O profesorado titor manterá unha reunión cas familias do alumnado que deba seguir un PRRI para informalas ao respecto (de consideralo necesario, poderán solicitar a presenza da xefatura do departamento de orientación ou da xefatura de estudos).



- Durante o curso escolar:
  - O profesorado titor e o de apoio reuniranse periódicamente para valorar o rendemento e aproveitamento das sesións de apoio,
  - O profesorado titor e o de apoio reuniranse antes da sesións de avaliación trimestral para completar as cuestións definidas para cada trimestre no PRRI, facendo as modificacións necesarias para un mellor aproveitamento.
  - O profesorado titor poderá solicitar unha reunión ca xefatura do DO para solicitar pautas, materiais ou calquer recurso necesario para unha mellor implementación do PRRI.
  
- Final de curso:
  - O profesorado titor e o de apoio reuniranse para valorar os resultados do PRRI e completaran a folia do programa destinada á memoria final.
  - O profesorado titor manterá unha reunión ca xefatura de orientación e ca xefatura de estudos para transmitir a información sobre a memoria do alumnado do seu grupo que seguise un PRRI.
  - O profesorado titor manterá unha reunión cas familias do alumnado que seguira un PRRI durante o curso para informalas ao respecto (no caso de consideralo necesario, poderá solicitar a presenza do profesorado de apoio ou das xefaturas de estudo ou do departamento de orientación).

#### **4. AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

Aquel alumnado que esté a seguir un PRRI deberá ser avaliado mediante as probas ordinarias que se fagan co resto do grupo.

Os contidos programados no PRRI son os considerados imprescindibles para adquisición das novas aprendizaxes polo que, a súa valoración, vai intrínseca na consecución das probas de avaliación ordinarias.

Deberase ter en conta as características e necesidades deste alumnado para ofrecer as medidas oportunas (flexibilización dos tempos, por exemplo).

## **5. ANEXO**

A continuación incúese o Caderno Individual para o alumnado que deba seguir un Programa de Recuperación e Reforzo por algunha das características establecidas neste Plan.

# PROGRAMA DE REFORZO/RECUPERACIÓN INDIVIDUALIZADO

ALUMNO/A:

NIVEL:                      GRUPO:                      CURSO: 2020\_/2021

TITOR/A:

SITUACIÓN ESPECÍFICA POLA QUE REQUIRE REFORZO EDUCATIVO (sinalar)	
	Alumnado que a pesar de promocionar de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior
	Alumnado que non promocioe de curso
	Alumnado no que se detecte, en calquer momento do ciclo ou do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais.

HORARIO DE REFORZO								Total horas semanais
Materia	Mestre	Dentro/Fora	L	M	X	J	V	

HORAS DE REFORZO IMPARTIDO	
1º TRIMESTRE	
2º TRIMESTRE	
3º TRIMESTRE	
<b>TOTAL</b>	



## **2. PROGRAMACIÓN.**

### ÁREA MATEMÁTICAS

· Obxectivos/Contidos:

--

· Metodoloxía:

--

· Materiais:

--

· Adaptacións:

--

**ÁREA LINGUAS GALEGA-CASTELÁ:**

· Obxectivos/Contidos:

· Metodoloxía:

· Materiais:

· Adaptacións:

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS:

· Obxectivos/Contidos:

· Metodoloxía:

· Materiais:

· Adaptacións:

### 3. REVISIONS TRIMESTRAIS.

Alumno/a:

Titor/titora:

Profesorado de reforzo:

1º trimestre

2º trimestre

3º trimestre

---

- Competencias adquiridas e obxectivos acados:
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- O reforzo educativo resulta positivo neste alumno/alumna? Por que?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Existe colaboración por parte da familia?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Cumpríronse os compromisos educativos suscritos pola familia?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Considérase positivo o reforzo dentro do aula? ¿por qué?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Suxerencias e propostas de mellora:

Asdo: Titor/a

Asdo: Mestre/a apoio

Santa Cruz, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_



#### 4. MEMORIA FINAL.

Alumno/a:

Titor/titora:

Profesorado de reforzo:

Número totais de sesións impartidas (en todo o curso):

---

- Competencias por adquirir e obxectivos non acadados:
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- O reforzo educativo resulta positivo neste alumno/alumna? Por que?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Existe colaboración por parte da familia?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Cumpríronse os compromisos educativos suscritos pola familia?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Considérase positivo o reforzo dentro do aula? Por que?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Considérase que este alumno/a debería recibir RE o vindeiro curso?  
 Sí  Non
  
- Suxerencias e propostas de mellora:

Asdo: Titor/a

Asdo: Mestre/a apoio

Santa Cruz, \_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_